



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Filoloxía Clásica

Curso Académico: 2016-2017

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Filoloxía Clásica
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-----
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa quedou sinalado no autoinforme de renovación da acreditación do ano 2017 e nos autoinformes de seguimento previos o Grao en Filoloxía Clásica é titulación única no Sistema Universitario de Galicia, que atende ao importante e imprescindible ámbito dos estudos clásicos. É pois un título de referencia e mantén a súa relevancia e o seu interese académico especialmente en Galicia, pero tamén en todo o Estado Español. Unha boa proba diso é que non só capta estudantes de toda a Comunidade Galega, senón tamén doutras partes de España: así, por exemplo, no curso 2016-2017 estaban cursando o título 2 estudantes de León e 1 de Barcelona, e no curso 2015-2016 ademais 1 estudante de Canarias, o que supón ao redor dun 5% do alumnado da titulación (véxanse os indicadores IN09G-PC-05 e 2501096-INF.16). Tamén é habitual que haxa algún estudante estranxeiro matriculado na titulación á marxe dos programas de mobilidade; no curso 2014-2015 incluso chegou a haber 3 (cf. indicador IN08G-PC-05).

Como se explica con máis detalle no apartado 6.1 deste autoinforme, o perfil formativo establecido na Memoria de Verificación do Título conserva toda a súa vixencia e está actualizado aos requisitos do seu ámbito de estudo, xa que permite aos estudantes acadar todas as competencias básicas, xerais e específicas necesarias para unha completa formación básica no campo dos estudos clásicos. Os estudantes acaban o Grao cunha boa formación no ámbito dos estudos clásicos e capacitados para abordar satisfactoriamente os estudos de calquera dos Másteres profesionalizantes ou de investigación aos que poden optar. Así pois, xeralmente despois doutros estudos complementarios máis especializados, os estudantes do Grao poden acceder a diversas posibilidades laborais tanto no ámbito da docencia e da investigación, como no ámbito das actividades editoriais, dos medios de comunicación, das industrias da lingua, das actividades turístico-culturais, do traballo autónomo etc.

Por outra parte, a organización do plano de estudos baseada na combinación de módulos de Maior e Minor de forma compartida con todos os outros títulos de Grao da Facultade de Filoloxía, permite ao estudante adquirir formación complementaria noutras linguas e literaturas ou en lingüística xeral ou en teoría da literatura e literatura comparada, permítille conseguir de forma fácil unha segunda titulación de Grao da oferta da Facultade e ademais ábrelle o acceso a poder cursar outras moitas posibilidades de títulos de Máster dos ofertados na propia Facultade de Filoloxía, na propia Universidade de Santiago ou noutras Universidades nacionais e internacionais.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos,

por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.

- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspóndese case exactamente co establecido na memoria de verificación. Soamente, tal como se explicou en autoinformes anteriores, se fixeron modificacións vistas como necesarias na ordenación temporal das materias que constitúen os módulos complementarios de todos os títulos da Facultade de Filoloxía denominados "Os estudos literarios na actualidade" e "Catalán: lingua, cultura e literatura". Tamén en autoinformes anteriores e especialmente no autoinforme de renovación da acreditación se facía constar o desaxuste formativo que producía o feito de que as materias "Lingüística Indoeuropea 1" e "Lingüística Indoeuropea 2" estivesen incluídas no plan de estudos como materias complementarias e non como materias obrigatorias. Así pois, a acción de mellora formulada no seu momento para solucionar esa situación deu lugar a unha proposta de modificación, que tras pasar todos os trámites regulamentarios previos está gora pendente de revisión pola axencia avaliadora e espérase que sexa aplicada xa definitivamente no curso 2018-2019. Esa modificación implica ademais o paso das materias "Historia de Grecia" e "Historia de Roma" ao módulo complementario, e leva aparelada a reubicación das materias "Literatura Grega 1" e "Literatura Latina 1" en primeiro curso (véxase neste mesmo documento o apartado "Modificacións do plan de estudos").

No Informe final de avaliación para a renovación da acreditación de 28 de xullo de 2017 faise constar que se detectaron algúns desaxustes entre a memoria verificada do Grao e as guías docentes publicadas na web da Facultade no relativo a contidos, competencias e sistemas de avaliación dalgunhas materias do Grao. Alí tamén se fai constar a acción de mellora AM-01 incluída no documento de alegacións, consistente no compromiso de revisar exhaustivamente todos os programas das materias para detectar eses desaxustes e darlles solución. Durante o primeiro trimestre do curso 2017-2018 o Coordinador e os membros da Comisión do Grao coa colaboración de todos os profesores/-as implicados procederon a facer esa revisión exhaustiva e os resultados terán aplicación máis efectiva no proceso de programación do curso 2018-2019 que está xa en marcha na USC. Corrixíranse, pois, algúns pequenos desaxustes detectados nos contidos dalgunha materia, explicitáranse con máis detalle as competencias xerais e específicas que debe contribuír a alcanzar cada materia, e explicáranse pormenorizadamente os sistemas de avaliación e cualificación que se van aplicar e como permitirán avaliar a adquisición das correspondentes competencias.

En todo caso, esa exhaustiva revisión e a experiencia dos anos que leva implantado o Grao puxeron xa de manifesto a oportunidade de propoñer algunhas modificacións nos descritores de contidos que figuran na memoria de verificación dalgunhas materias, para adaptalas a unha sucesión máis natural no avance de contidos e a unha máis correcta distribución e organización dos contidos dentro da duración temporal de cada materia:

- "Literatura Grega 1" e "Literatura Grega 2": a distribución de contidos entre as dúas materias que figura na memoria de verificación, consistente nun estudo introdutorio e xeral de toda a literatura grega antiga na primeira materia e un estudo máis profundo dos aspectos centrais de toda a literatura grega antiga no segundo, propónse cambiala por unha distribución baseada en períodos cronolóxicos e xéneros literarios; quedarían, pois, os descritores así: "literatura grega de época arcaica e clásica (poesía)" para "Literatura Grega 1", e "literatura grega de época clásica (prosa), helenística e imperial" para "Literatura Grega 2".

- "Literatura Latina 1" e "Literatura Latina 2": propónse precisar mellor o corte cronolóxico que se establece entre os contidos das dúas materias, incluíndo no descritor da primeira materia "producción literaria latina desde as súas primeiras manifestacións ata a morte de Augusto (14 d.C.)", en lugar de "producción literaria latina desde as súas primeiras manifestacións ata a século I d.C.", e no descritor da segunda materia "producción literaria latina do período imperial", en lugar de "producción literaria latina desde o século II d.C. ata o século VI d.C."

- "Textos Latinos 4": aínda que no descritor da memoria verificada se especifica como contidos da materia "textos en verso do período arcaico", debeuse probablemente a un erro que non se faga referencia tamén aos textos en prosa, ao igual que nas materias de Textos relativas a outros períodos cronolóxicos do latín, xa que é necesario considerar textos en prosa e textos en verso para poder estudar en conxunto a lingua latina do período arcaico.; así pois, propónse corrixir o descritor de contidos da materia do seguinte xeito: "textos en verso e en prosa do período arcaico".

O tamaño dos grupos, tanto nas clases de teoría como nas clases de seminario interactivo, continúa sendo o adecuado para as actividades formativas, sobre todo nas materias específicas do título, dado que o feito de haber en cada curso ao redor de 20 estudantes permite ter grupos adaptados en número ao ideal para unha docencia participativa, interactiva e de seguimento continuo. A media de alumnos/-as por grupo de clase de teoría foi de 15 no curso 2016-2017 (cf. indicador

IN31G-PS-01) e a media por grupo de docencia interactiva foi de 13 (cf. IN32G-PS-01).

Polo que a programas de mobilidade saínte se refire, véñse constatando cada curso que a participación do alumnado do título non é todo o alta que sería desexable, a pesar de haber á súa disposición numerosos convenios con Universidades de toda Europa, de facer cada ano abundantes accións de presentación dos programas animando á participación, tanto por parte da Facultade como por parte da Coordinación do título, e a pesar de estar nun centro onde hai unha moi activa mobilidade por parte dos estudantes de todas as demais titulacións (cf. a páxina web da Facultade sobre [mobilidade](#)). En todo caso, os estudantes do título coñecen perfectamente os programas de mobilidade e as súas características e condicións, e nos últimos cursos vai habendo algún estudante implicado: houbo 1 no curso 2016-2017 (chegou a haber 4 no curso 2014-2015, e espérase que haxa 2 como mínimo no presente curso); iso en números absolutos parece pouco, pero supón o 5%. en números relativos dunha titulación cuns 20 estudantes no curso habitual de saída (3º). Como xa se comentou en anteriores ocasións, un dato importante, que fala tamén do prestixio da titulación fóra de España, é o número de estudantes de mobilidade entrante que recibe o título, unha media de 4-5 por curso, o que supón ao redor do 6-7% do total de alumnos/-as do Grao (no curso 2013-2014 subiu ao 14% e no 2014-2015 ao 18%; véxase o indicador IN18G-PC-08).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título conta cun coordinador/a do Grao e con cadanseu Coordinador das áreas máis directamente implicadas no título (Filoloxía Grega, Filoloxía Latina e Lingüística Indoeuropea). Eses coordinadores, en colaboración en primeira instancia coa Comisión do Grao, son os encargados de velar pola coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos. Préstase especial atención ás materias máis claramente sucesivas e complementarias, como son as materias "Lingua Grega 1-2", "Textos Gregos 1-5", "Lingua Latina 1 e 2", "Textos Latinos 1-5", "Literatura Grega 1-2", "Literatura Latina 1-2", "Lingüística Grega 1-2", "Lingüística Latina 1-2", "Lingüística Indoeuropea 1-2". Boa proba do bo funcionamento desa coordinación entre materias é o alto nivel de satisfacción do alumnado con ese aspecto, 4,8 sobre 5,0 (cf. 2501096_INF.22).

O novo "Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC", aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017 (cf. [Regulamento](#)), establece no seu artigo 3.8 (d) que unha das funcións das Comisións dos títulos é analizar a programación das materias e supervisar que se axusta á Memoria Verificada do Título. Así pois, quedaron atendidas a recomendación do informe final de renovación e a correspondente acción de mellora proposta (AM-02), relativas a establecer claramente que Comisión é a responsable de garantir o axuste entre guías docentes e memoria do título.

Desde o curso 2013-2014 comezaron a ser implantadas as prácticas externas para os títulos de Grao na Facultade de Filoloxía como unha materia optativa equivalente a 6 créditos, pero foi no curso 2015-2016 cando foron ofertadas por primeira vez prácticas específicas tamén para o Grao en Filoloxía Clásica. Tamén por acordo da Xunta de Facultade na súa reunión do 8 de xullo de 2016 (véxase a acta correspondente en Doc_E5) creouse a Comisión de Prácticas Externas, que quedou finalmente consituída o 12 de xaneiro de 2017, co función de coordinar e supervisar todo o relacionado coas prácticas nos distintos títulos. Cada título ten á súa vez un Coordinador responsable integrante da mencionada Comisión. Todos os cursos, nun momento previo á convocatoria, organízase na Facultade unha xornada de presentación detallada aos estudantes do programa de prácticas. Ademais a Facultade, atendendo a accións de mellora e a instrucións de anteriores informes de seguimento e de renovación da acreditación (cf. neste último AM-04), puxo en marcha un sistema

máis claro e completo de definición das prácticas e das competencias asociadas, de control da formación que ofrecen as empresas e institucións e da coordinación entre alumnos/-as e titores académicos e profesionais, e de mellora do proceso de avaliación (véxase a páxina web da Facultade sobre [prácticas](#)). Polo momento ningún estudante do título participou no programa de prácticas externas. Certo é que das seis empresas ou institucións coas que había convenio no curso 2016-2017 (ou das 7 que hai no curso 2017-2018) soamente unha ofertaba prazas para estudantes de Filoloxía Clásica. Por esa razón continúa en marcha unha acción de mellora xa proposta no informe de seguimento do curso 2014-2015 (AM-09) relativa ao aumento de oferta de prácticas para o Grao en Filoloxía Clásica, buscando as posibilidades máis adecuadas e máis atractivas para os estudantes. Sen embargo, todo o proceso de busca de posibles empresas ou institucións e establecemento e sinatura dos correspondentes convenios require habitualmente un longo período de tempo.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso dos estudantes que acceden ao título continúa a ser totalmente coherente cos criterios de acceso e admisión establecidos na memoria verificada. Nos cursos 2016-2017 e 2017-2018 o 100% dos estudantes de novo ingreso procede de Bacharelato e accede ao título a través das Probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (véxanse os documentos 2501096_Informe_CIUG relativos aos dous cursos mencionados). Os estudantes posúen, polo tanto, a formación de partida requirida para acceder ao título (a nota media de acceso no curso 2016-2017 foi de 8,9, e o 85% dos estudantes tiña unha puntuación igual ou superior a 6, datos similares aos de cursos anteriores). Ademais nas materias básicas específicas de Filoloxía Clásica, pero comúns para todos os alumnos/-as dos distintos títulos de Grao da Facultade (Lingua Grega 1 e Lingua Latina 1), pártese dun nivel mínimo.

Respondendo a unha acción de mellora establecida no autoinforme de renovación da acreditación (AM-03), a Facultade de Filoloxía puxo en marcha un completo Plan de Acción Titorial dirixido a formalizar todas as accións destinadas a informar e orientar aos estudantes nos diferentes aspectos da súa vida académica e do seu posible futuro profesional. O Plan foi aprobado en Xunta de Facultade o 7 de marzo de 2017 e poden verse as súas características e accións na páxina web da Facultade: [PAT](#). Máis abaixo, no apartado 5.1, especificanse as actividades de información e divulgación da oferta da Facultade desenvolvidas no marco dese PAT.

No informe final de renovación da acreditación recoméndase que se actualice na memoria verificada do título a relación de prazas de novo ingreso ofertadas: alí establecíanse 20 para os dous primeiros anos e 25 para os dous seguintes, pero nos últimos cursos a oferta vén sendo de 50, de acordo coa normativa autonómica relativa a número mínimo de estudantes de novo ingreso en títulos de Grao. Actualizárase esa información na memoria tan pronto como sexa posible.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2016-2017 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título. A continuación, enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016-2017, que se engaden ás xa recollidas no informe de renovación da acreditación de 2017, e que son de aplicación no curso 2017-2018:

1. "Normativa do Traballo de Fin de Grao" das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura

Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da USC (cf. [Normativa TFG](#)). Foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión de 10 de xullo de 2017 e pola Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 19 de xuño de 2017, previo informe positivo das distintas Comisións de Grao da Facultade. Foi aprobada posteriormente polo Consello de Goberno da USC na súa reunión de 18 de xullo de 2017.

2. "Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC", aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017(cf. [Regulamento](#)). Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente ao respecto. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e mestrado, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e mestrado e de modificacións das existentes etc.

3. "Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio", aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017(cf. [Acordo](#)). O acordo establece o sistema de equivalencias de cualificacións para estudos cursados consonte a sistemas educativos estranxeiros, incluíndo o recoñecemento da mención de Matrícula de Honra, o recoñecemento singular de cualificacións etc.

4. "Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias", de 27 de abril de 2017 (cf. [Instrución](#)). Esta instrución recolle o procedemento para a solicitude de dispensa, as causas que poden motivar a solicitude, os criterios a ter en conta para conceder/denegar a devandita solicitude etc.

5. "Resolución pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións", aprobada polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017 (cf. [Resolución](#)). Esta Resolución modifica a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela* (Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos referidos aos procedementos de avaliación extraordinaria:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

6. "Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais nas titulacións de grao" (cf. [Resolución](#)). A Resolución articula o procedemento para a tramitación das propostas recollidas no Acordo do Consello de Goberno de 2 de xullo de 2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, así como a resolución das mesmas e a xestión dos recoñecementos nos expedientes dos estudantes.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Continúa tamén sendo válido todo o explicado en autoinformes anteriores, sobre todo de forma detallada no autoinforme de renovación da acreditación do ano 2017, sobre información completa, clara, adecuada, actualizada e facilmente accesible dirixida aos distintos grupos de interese a través da páxina web da USC en xeral (<http://www.usc.es>), da páxina web da Facultade de Filoloxía en particular (<http://www.usc.es/ql/centros/filoloxia/index.html>) e a través doutros medios informativos (paneis, pantalla, folletos, reunións etc.). Ademais no ano 2017 a USC procedeu a renovar a súa páxina web para facela máis clara e intuitiva segundo os distintos capítulos temáticos e para facilitar un acceso máis cómodo e práctico segundo os distintos grupos de interese a partir da entrada específica "perfís". Esa modificación posibilita tamén que a web se poida visualizar moito mellor en dispositivos móbiles, de uso moi estendido entre o estudantado. Pola súa parte, a Facultade de Filoloxía deu cumprimento á acción de mellora AM-01 proposta no autoinforme de renovación da acreditación e procedeu a mellorar a información que ofrece na páxina web sobre a composición das diferentes comisións e os acordos das súas reunións; tamén puxo en marcha un perfil na rede social Twitter para a difusión de actividades da Facultade ou doutras actividades interesantes para os distintos grupos de interese do centro (@Cultura_FiloUSC). Tamén se vén utilizando con regularidade a ferramenta para Coordinación do Título na Aula Virtual da USC, para manter puntualmente informados os estudantes do título de todos os asuntos que poidan ser do seu interese.

Unha proba do bo funcionamento da información e da transparencia son os resultados das enquisas de satisfacción dirixidas aos grupos de interese. Segundo o informe 2501096_INF.22 derivado das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación no curso 2016-2017, a información e orientación recibida está valorada nun 4,4 sobre 5, a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe está valorada nun 4,6, e a información pública en xeral dispoñible sobre a titulación está valorada nun 4,8. Valores parecidos encontramos no informe 2501096_INF.23 derivado das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación: 4,3 de valoración sobre a información dispoñible sobre obxectivos xerais e competencias do plan de estudos, 4,3 sobre as accións de orientación ao alumnado, 4,0 sobre a orientación profesional e laboral ao alumnado, 5,0 sobre a difusión de actividades extra curriculares entre o alumnado, 4,0 sobre a información dispoñible en relación coa calidade, 4,0 sobre a información pública dispoñible en xeral. A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible no mesmo ano 2017 foi un pouco menor, pero tamén boa e similar á do ano anterior, 3,3 (cf. indicador IN23G-PC-12).

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación faise a recomendación de mellorar o formato e a claridade das guías docentes publicadas na páxina web da Facultade e de revisar e completar a información especialmente no apartado de avaliación, para adecualo á avaliación clara por competencias. Como xa se comentou no apartado 1.2, propúxose a acción de mellora AM-01 dirixida a revisar, axustar e completar as guías docentes de todas as materias do título, e está en marcha para o curso 2018-2019 un plan coordinado pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC para a revisión e mellora do modelo de programación docente.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No autoinforme de renovación da acreditación explicábase de maneira detallada cales eran os mecanismos empregados para recoller a información, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Durante o curso 2016-2017 todos eses mecanismos e procedementos seguíronse e desenvolvéronse segundo o establecido.

Tal e como estipula o SGIC, a Comisión do Título, a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes no Doc_E5). A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente (cf. [Comisións](#)).

Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a Área de Calidade e Mellora de Procedementos (ACMP) da USC, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese, e realizáronse dúas enquisas:

1. Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: no autoinforme de renovación da acreditación 2017 incluíase unha acción (AM-06) para a revisión e mellora desta enquisa que se efectuou en setembro de 2017 e se levou a cabo na súa nova versión na sesión de benvida aos estudantes de novo ingreso do curso 2017-2018. Pódese ver o modelo de enquisa e análise dos resultados desa enquisa no documento Doc_E31.
2. Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: no curso 2016-2017 levouse a cabo unha modificación na enquisa realizada co fin de incluír preguntas que permitan obter información sobre a escolla das modalidades cursadas. Véxanse os resultados da enquisa no documento Doc_E31.

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, cómpre lembrar que a Facultade sempre procura contribuir a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do vestíbulo, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Así mesmo, desde o curso 2015-2016 o Campus Virtual da USC incorpora grupos de coordinación de cada un dos títulos/cursos, de xeito que desde a coordinación do título utilízase tamén este medio para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudiantado implicado na docencia/discencia do título, especialmente información relacionada cos prazos e os métodos de elaboración das enquisas de satisfacción, e comunicación dos resultados das enquisas de anos anteriores, dando cumprimento a acción de mellora AM-05 incluída no informe final de renovación da acreditación de 2017.

Esas accións destinadas a fomentar a participación nas enquisas de satisfacción parecen dar resultados, xa que no curso 2016-2017 a participación do alumnado foi do 55%, fronte ao 45% do curso anterior (cf. IN48G-PM-02), e espérase que sexa aínda mellor no curso actual 2017-2018. Tamén a participación do profesorado subiu ao 43% fronte ao 38% do curso anterior (cf. 2501096_INF.14). Pola súa parte, a participación do PDI da Facultade de Filoloxía

mantívose nun razoablemente alto 58% similar ao do curso anterior (cf. 5040_INF.21).

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes. Todas estas normas e procedementos están recollidos de forma detallada no autoinforme de renovación da acreditación de 2017.

No informe de renovación da acreditación sinalábase que o sistema de queixas, suxestións e reclamacións non é facilmente accesible nin coñecido polos estudantes e egresados. Por esa razón púxose en marcha a acción de mellora AM-08 alí proposta, para unha mellor difusión e promoción do sistema de traslado de suxestións, queixas, reclamacións e felicitacións, que deu como resultado a creación dunha "caixa de suxestións, queixas e felicitacións" dentro da páxina web da Facultade (cf. [Caixa](#)).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria de calidade do curso 2016-2017 da Facultade de Filoloxía elaborábase ao longo do mes de abril de 2018 e prevese a súa conclusión e aprobación en maio de 2018 segundo o calendario de calidade remitido pola ACMP (data límite 21 de maio de 2018). A memoria de calidade do curso 2015-2016 foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobouse na súa sesión do 7 de marzo de 2017, para o seu envío e posterior aprobación definitiva na Xunta de Facultade de 7 de marzo de 2017. Tanto as memorias de calidade do Centro como os informes de seguimento dos distintos títulos son públicos e accesibles na páxina web da Facultade (cf. [Calidade](#)), de xeito que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

No curso 2016-2017 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación para os cinco graos do centro, os dous mestrados interuniversitarios (iMAES e MILA) e o *Máster en Estudos da Literatura e da Cultura. O Máster en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos* xa realizara o proceso de renovación da acreditación, no que obtivo un informe favorable, en xuño 2015, de xeito que no curso 2016-2017 só se someteu ao seguimento anual. Os dous Máster Mundus da Facultade non se teñen que acreditar, pois seguen un proceso de aprobación e seguimento diferente.

No que se refire ao proceso de renovación da acreditación, as tarefas de análise, reflexión e elaboración dos autoinformes desenvolvéronse entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017 e nel participaron as comisións de todos os títulos da Facultade, coordinados a través da Comisión de Calidade do Centro (vid. actas da CCC de 29/11/2016 e 22/12/2016 no Doc_E5). Os autoinformes foron aprobados o 30 de xaneiro de 2017, en primeira instancia na CCC e posteriormente na Xunta de Facultade. Os Informes Provisionais de Renovación da Acreditación, emitidos pola ACSUG (con data de 2 de xuño de 2017 os correspondentes aos graos e de 9 de xuño de 2017 os dos mestrados), incluían unha valoración provisoria de cada un dos criterios avaliados e, eventualmente, aspectos que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras e/ou recomendacións para a mellora en cada un dos citados criterios. Aqueles aspectos que se sinalaba que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras eran de obrigado cumprimento, mais a CCC acordou tamén tomar en consideración as recomendacións sempre que fose posible e que non fosen obxecto dalgunha alegación. Na sesión do 26 de xuño de 2017, a CCC aprobou as alegacións e plan de melloras de todos os títulos de grao e mestrado. Os informes definitivos recibíronse con data de 28 de xullo de 2017 e todos os títulos sometidos ao proceso de renovación da acreditación obtiveron o informe favorable. Nos distintos apartados do presente autoinforme faise referencia ás accións de mellora e aos seus resultados derivadas das observacións e recomendacións do informe final de renovación da acreditación.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016-2017 non se realizaron modificacións do SGIC, porque se está á espera de que se complete o proceso de actualización e modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía. Actualmente a Comisión nomeada ao efecto (aprobada na Xunta de Facultade de 30 de maio de 2017) está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito Regulamento e a previsión é que estes labores estean rematados antes da finalización do curso 2017-2018.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de Grao, a prácticas externas e asociado ao Tralallo Fin de Grao ou Tralallo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se vén constatando nos sucesivos informes anteriores e de forma especial no informe final de renovación da acreditación de 2017, un dos puntos fortes do título é que conta con profesorado suficiente e altamente cualificado (cf. indicadores sobre sexenios IN24G-PS-01, sobre PDI doutor IN25G-PS-01, e sobre PDI funcionario IN26G-PS-01). Profesorado adecuadamente cualificado encárgase especialmente das materias de primeiro curso, e todo o profesorado específico de Filoloxía Grega, Filoloxía Latina e Lingüística Indoeuropea participa na titorización e avaliación dos Traballos Fin de Grao (véxase [TFG](#) e Doc_E24).

O profesorado participa regularmente nas actividades de formación que a USC programa a través do seu Programa de Formación e Innovación Docente ([PFID](#)). Dando cumprimento á recomendación recollida no informe final de renovación da acreditación e á acción de mellora correspondente (AM-07), tamén a Facultade organizou actividades formativas específicas sobre o manexo do laboratorio de idiomas situado na aula B04 (xaneiro de 2017) e sobre o manexo dunha pantalla intelixente Clevertouch (xaneiro 2018). No curso 2016-2017 un 23% do profesorado do título participou nalgún curso organizado dentro do devandito programa de formación, de forma similar a como vén ocorrendo en todos os últimos cursos (cf. 5040_I6-I7). O profesorado que participa no programa de formación outorga unha puntuación de 4,3 sobre 5,0 na satisfacción global sobre a formación e o 99% recomenda esa formación aos compañeiros (cf. 5040_INF.10). Tamén o 81% do profesorado que participa nas enquisas de satisfacción manifesta estar interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia, especialmente no relativo ao apoio didáctico e pedagóxico e no relativo ás novas tecnoloxías aplicadas ao proceso de ensino e aprendizaxe (cf. 2501096_INF.14).

Ao longo do curso 2016-2017 realizáronse 426 accións de mobilidade do PDI da Facultade de Filoloxía relacionadas con docencia e investigación, a Facultade acolleu a 16 profesores-investigadores visitantes doutras universidades españolas e estranxeiras, na Facultade tiveron lugar 68 actividades de difusión da actividade investigadora e docente (congresos, xornadas, seminarios, conferencias etc.).

Durante o curso 2016-2017 a Facultade incorporou 11 novos contratados predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (axudas de apoio á etapa predoutoral do plan galego). Un deses contratados FPU pertence á sección de Filoloxía Clásica. A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2016-2017 é de 34.

Desafortunadamente, como se vén sinalando nos sucesivos autoinformes, durante os últimos anos producíronse varias baixas no cadro de PDI do título por xubilación ou defunción e non se produciu, en cambio, ningunha incorporación de PDI de carácter estable, que permita garantir a necesaria sucesión xeracional de forma natural e, polo tanto, o mantemento a longo prazo de PDI suficiente e cualificado para atender as necesidades docentes do título e continuar co alto nivel de produción científica.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tamén se vén constatando nos sucesivos informes que o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente e conta co nivel de cualificación necesario para atender as necesidades fundamentais do título. Ese cadro non sufriu ningún cambio durante o curso 2016-2017. En todo caso, a Facultade reitera a necesidade dun técnico/a informático que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

No que se refire aos resultados das enquisas de satisfacción (cf. 5040_INF.21), a participación mantívose nun nivel similar ao de cursos anteriores 58%. A satisfacción xeral co posto de traballo é similar á de cursos pasados e á xeral da USC: 3,6.

A USC organiza actividades formativas destinadas ao PAS nas que vén participando cada curso ao redor do 50% do PAS da Facultade. Máis en concreto, os tres membros do PAS da Facultade máis directamente implicados nas cuestións de calidade realizaron o curso "Manexo da aplicación de axuda ao sistema de xestión (AASX)" (xuño de 2017), dando así cumprimento a unha das tarefas incluídas na AM-8 do plan de melloras da Memoria de Calidade 2015-2016 da Facultade. Está tamén en marcha a realización dun curso de mellora das competencias orais en inglés a través do Centro de Linguas Modernas da USC, que se está desenvolvendo entre o 12 de marzo e o 9 de maio de 2018. A satisfacción global dos participantes cos cursos recibidos foi de 3,9 no curso 2016-2017, similar á de cursos anteriores, e o 80% dos participantes recomendaría a formación recibida aos seus compañeiros (cf. 5040_INF.11).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aos recursos materiais, infraestruturas e servizos detallados no autoinforme de renovación da acreditación do ano 2017, valorados como suficientes e adecuados no informe final correspondente, engadíronse as seguintes melloras no curso 2016-2017:

1. Na biblioteca da Facultade de Filoloxía ingresaron no ano 2016 2.306 monografías e outras 2.083 no 2017; o total de volumes de monografías en papel a 31/12/2017 era 200.259. Ingresaron ademais 398 volumes de publicacións periódicas no ano 2016 e 417 no 2017; o total de títulos de publicacións periódicas en papel na Biblioteca era 2.731 a finais do ano 2017. O número de volumes prestados pola biblioteca da Facultade no ano 2016 foi de 53.998. A Facultade destinou no curso 2016-2017 6.000 € do seu orzamento específico para a mellora dos fondos bibliográficos.

2. No tocante a equipamento e infraestruturas destinados á docencia a Facultade continuou coa política desenvolvida nos últimos anos de mellora constante: renováronse o equipamento informático, ordenadores e canóns, o sistema de amplificación; instaláronse novos sistemas de proxección para o Salón de Graos e o Salón de Actos; substituíronse os auriculares da aula de informática de docencia (D02); foron acondicionados os espazos docentes coa eliminación dos

armarios nas aulas pequenas, o vernizado das tarimas e pintura das portas das aulas, a instalación de enchufes nas dúas primeiras bancadas das aulas e nos seminarios.

3. Dando cumprimento á recomendación feita no informe final de renovación da acreditación e á proposta de mellora AM-03 alí recollida, durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un Plan de Acción Titorial (PAT), que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudiantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. O deseño e posta en marcha do PAT foi acordada pola CCC na súa reunión de 29/11/2016 (Acción de Mellora nº 3 da Memoria de Calidade do Centro do curso 2015-2016; data de finalización prevista: 31/07/2017). O PAT foi aprobado pola CCC o 07/03/2017 e posteriormente pola Xunta de Facultade o 07/03/2017. As actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade incluídas no PAT durante o curso 2016-2017 foron:

- Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC* (cf. [A Ponte](#)): charlas temáticas en centros de ensino medio e bacharelato de Galicia, encontros de 335 estudantes de bacharelato na Facultade.

- Participación nas *XXV Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional* organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio e bacharelato).

- Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade (trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (primeira semana de maio de 2017).

- Actividades de acollida e orientación a estudantes propios: sesión de benvida aos estudantes de novo ingreso (12/09/2016), xornada informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (24/04/2017), sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (14/09/2016), sesións informativas sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (en colaboración co persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC) e sobre o procedemento de asignación de prazas do programa Erasmus, dirixidas a estudantes de segundo e terceiro cursos (30/11/2016 e 14/12/2016), xornada informativa sobre a oferta de estudos de mestrado da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de cuarto curso (24/04/2017), sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (15/09/2016).

- Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos: actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuadrimestre (VR de Internacionalización e membros do equipo decanal) (14/09/2016 e 01/02/2017).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes egresados no curso 2015-2016 (véxase o informe 2501096_INF.09) son unha boa proba de que o desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación son coherentes co perfil do título e conducen á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos. Os estudantes manifestan un alto grao de satisfacción coa formación xeral recibida na titulación (4,0 sobre 5,0, fronte a 3,6 na media da USC), e valoran moi positivamente o grao en que o título lles permitiu adquirir non só as competencias específicas previstas, senón tamén as competencias máis xerais e transversais: capacidade para a aprendizaxe autónoma (5,0, fronte a 3,8 na USC), desenvolvemento de pensamento crítico (4,8, fronte a 3,5 na USC), capacidade de comunicación oral e escrita (4,5, fronte a 3,4 na USC), capacidade de traballo cooperativo e en equipo (4,0, fronte a 3,5 na USC), capacidade de análise (4,5, fronte a 3,4 na USC), capacidade de transmitir información, problemas e solucións (4,5, fronte a 3,4 na USC), capacidade aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas de xeito creativo e orixinal (4,3, fronte a 3,0 na USC).

Os estudantes acaban o Grao cunha boa formación no ámbito dos estudos clásicos e capacitados para abordar satisfactoriamente os estudos de calquera dos Másteres profesionalizantes ou de investigación aos que poden optar, varios deles ofertados pola propia Facultade de Filoloxía da USC, desde o Máster de Formación de Profesorado ata Másteres máis multidisciplinares, como o Máster en Estudos Medievais, o Máster en Lingüística Aplicada ou o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura, ou algún Máster máis específico, como o Máster en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia da Universidade de Salamanca, coa que a sección de Filoloxía Clásica da USC ten un convenio de colaboración no ámbito dos estudos de doutoramento. Os estudantes acaban, pois, capacitados para, xeralmente despois doutros estudos complementarios máis especializados, acceder a diversas posibilidades laborais tanto no ámbito da docencia e da investigación, como no ámbito das actividades editoriais, dos medios de comunicación, das industrias da lingua, das actividades turístico-culturais, do traballo autónomo etc. As numerosas posibilidades que abre o estudo do legado clásico no mundo actual e as diversas profesións nas que poden acabar estudantes de Filoloxía Clásica quedan postas de relevo en artigos como, por exemplo, o publicado hai un tempo no [The Guardian](#), ou en páxinas como a do [Departamento de Clásicas](#) da University of Notre Dame.

Tamén na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (cf. 2501096_INF.22) se pon en evidencia a boa percepción dos estudantes respecto da adecuación do programa formativo do título: a organización temporal das materias merece un 4,2 de valoración (fronte a 2,5 na media da USC), a proporción entre sesións teóricas e prácticas é valorada en 5,0 (fronte a 2,7 na USC), o desenvolvemento das ensinanzas recibe un 4,6 (fronte a 2,9 na USC), e o grao de adquisición das competencias previstas é cualificada con 4,6 (fronte a 3,2 na USC).

Evidentemente os posibles desaxustes detectados no programa formativo e nos seus resultados son tidos en conta para a revisión e mellora do plan de estudos. A iso responde precisamente a última modificación tramitada, xa

comentada no apartado 1.2 (véxase tamén o apartado sobre "modificacións do plan de estudos"); as deficiencias e desaxustes formativos que provocaba o feito de que non todos os estudantes do Grao puidesen cursar as dúas materias fundamentais de Lingüística Indoeuropea levou a solicitar a inclusión desas materias como obrigatorias no plan de estudos. Igualmente nese proceso de mellora se inscribe o proxecto (tamén xa comentado no apartado 1.2) de revisión das guías docentes de todas as materias para relacionar con claridade os sistemas de avaliación e de cualificación coas competencias que cada materia debe contribuír a acadar.

Atendendo a un déficit que se vén observando nos TFG e a unha demanda formulada nas enquisas dos estudantes (véxase o informe incluído no documento Doc_E31), propónse unha acción de mellora (AM-01) destinada á organización dun programa continuado de formación avanzada e específica sobre competencias informacionais, dirixido a estudantes que están realizando o TFG ou o van realizar de inmediato; para ese programa contarase especialmente coa colaboración de persoal cualificado da Biblioteca da Facultade de Filoloxía.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se comentou de forma repetitiva en autoinformes anteriores, na memoria verificada do título propoñíase unha oferta de 20 prazas para alumnos/-as de novo ingreso por curso, coa perspectiva de que puidese chegar a 25 nos primeiros anos de implantación do Grao, porque esa era a previsión que se podía facer tendo en conta a demanda media nos cursos que levaba impartíndose a correspondente licenciatura en Filoloxía Clásica na USC desde o ano 1971, incluso en momentos de grande oferta de postos de traballo específico no ensino secundario e de bacharelato. En torno a 20 alumnos/-as vén sendo o número de estudantes de novo ingreso no Grao nos anos que leva implantado: 23 no curso 2013-2014, 23 no 2014-2015, 16 no 2015-2016 e 24 no 2016-2017 (cf. indicador IN03G-PC-05). A normativa autonómica estableceu en 50 o número mínimo de estudantes de novo ingreso para os títulos de Grao e iso provocou a obrigatoriedade de fixar no curso 2015-2016 ese número como límite de prazas de novo ingreso no título. Como o Grao non vén alcanzando ese número mínimo esixido, foi necesario presentar unha proposta de xustificación da singularidade do título no Sistema Universitario de Galicia (aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 19 de xaneiro de 2017; véxase a acta correspondente en Doc_E5) e un Plan de Viabilidade, aprobado pola ACSUG o 26 de febreiro de 2016 e cuxo último autoinforme de seguimento foi aprobado pola Xunta de Facultade na súa reunión do 30 de xaneiro de 2017 (véxase a acta correspondente en Doc_E5). No DOG de 14 de novembro de 2017 publicouse finalmente a resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se declara a singularidade do Grao no SUG. Así pois, derivado de todo ese proceso, os responsables do Grao veñen realizando nos últimos cursos accións de mellora xa convertidas en boas prácticas destinadas á difusión informativa do título e á captación de alumnado (varias das actividades que de seguido se detallan son realizadas polo profesorado da sección de Filoloxía Clásica do Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana da USC en colaboración coa Sección Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos; cf. <http://seecgalicia.org/>): visitas de varios profesores/-as de Filoloxía Clásica a centros de secundaria e bacharelato e visitas de estudantes de bacharelato á Facultade de Filoloxía dentro do programa "A ponte entre o ensino medio e a USC" (<http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/aponte>), organización da Olimpíada de tradución de textos gregos e latinos dirixida a estudantes de bacharelato de toda Galicia (no ano 2017 celebrouse a terceira edición con participación de 128 concursantes), celebración do *Dies librorum* (coincidindo co día do libro) e dos *Ludi Compostellani* (coincidindo co día de entrega dos premios da Olimpíada) con numerosas actividades de cultura clásica e a participación no ano 2017 duns 250 alumnos/-as de centros de secundaria e bacharelato de toda Galicia, organización do concurso Odisea dirixida a todos os estudantes de cultura clásica de toda Galicia e en coordinación con outras Comunidades de España (no ano 2017 participaron uns 800 estudantes de Galicia), celebración do "Festival de Teatro Grecolatino" que tivo no ano 2017 a súa XVII edición e que congregou a 6.880 espectadores de centros de ensino de toda a Comunidade Galega, organización en xullo de 2017 do curso de formación de profesorado "Actualización metodolóxica en grego antigo" coa participación de 38 profesores/-as. Estas actividades parecen estar dando resultados para conseguir manter o número de alumnos/-as de novo ingreso como mínimo ao redor de 25 e incluso ir provocando un lixeiro e progresivo aumento, se se ten en conta que no actual curso 2017-2018 se matricularon no Grao por primeira vez 28 alumnos/-as. Ese incremento queda tamén reflectido no número total de estudantes matriculados no título: 61 no curso 2015-2016, 63 no curso 2016-2017 e 73 no curso 2017-

2018 (cf. IN02G-PC-05).

Derivado do mencionado informe de seguimento do plan de viabilidade do título presentado no ano 2017, no actual curso 2017-2018 está en marcha a preparación de novos materiais específicos de información e divulgación destinados a grupos de interese (estudantes, profesores, orientadores etc.) consistentes principalmente en folletos, carteis, creación dun blog e dunha conta en Facebook, campaña de difusión en Facebook e campaña publicitaria en medios de comunicación.

Varios indicadores de resultados do curso 2016-2017 amosan en xeral unha positiva situación do título que se vén mantendo similar nos últimos cursos: a taxa de éxito é do 87% (IN35G-S01-PM-01), a de rendemento é do 75% (IN34G-S01-PM-01), a de avaliación é do 87% (IN36G-S01-PM-01), a de eficiencia é do 94 % (IN39G-S01-PM01), a de éxito dos egresados é do 93% (IN50G-S01-PM-01), a de eficiencia dos egresados é do 90% (IN53G-S01-PM-01), e a duración media dos estudos supera en pouco os 4 cursos de duración normal dos estudos (4,5; IN38G-S01-PM-01).

Os indicadores que ofrecen cifras menos positivas son, como xa se vén rexistrando nos sucesivos autoinformes, os relativos á taxa de abandono e, por conseguinte, á taxa de graduación. A elevada taxa de abandono en primeiro curso do 50% que se viña observando na anterior Licenciatura en Filoloxía Clásica e que se volveu repetir no Grao no curso 2012-2013 levou a propoñer no seu momento (véxase AM-01 no apartado de "accións de mellora de cursos anteriores en proceso de execución" do autoinforme de renovación da acreditación do ano 2017) unha acción de mellora para intentar corrixir eses resultados. Parecía que esa acción de mellora estaba producindo resultados, xa que a taxa foi notablemente máis baixa nos cursos posteriores (26% no 2013-2014, 17% no 2014-2015, 25% no 2015-2016). Sen embargo, no curso 2016-2017 volveu producirse un novo pico alto: 46% (IN40G-S01-PM-01). É evidente que a alta taxa de abandono en primeiro curso é un fenómeno que afecta por igual aos títulos de Humanidades en xeral (32% no curso 2016-2017) e de Filoloxía en particular (27%). Resulta tamén evidente que os resultados porcentuais acaban sendo necesariamente máis elevados cando o número de matrícula de referencia é máis pequeno, como se observa en xeral en todos os títulos de menor matrícula e de forma concreta no feito de que os dous cursos de pico de abandono no título coinciden cos dous cursos de menor matrícula (9 no 2012-2013 e 16 no 2016-2017), ao xogar con números máis pequenos de referencia, os resultados acaban producindo necesariamente unha taxa porcentual máis alta.

Tan pronto como os datos de abandono no curso 2016-2017 coa sinalada brusca subida foron coñecidos en novembro de 2017, desde a Coordinación de título organizouse unha nova enquisa de carácter confidencial entre os estudantes que abandonaron o título para coñecer de primeira man as causas dese abandono, pero desgraciadamente a resposta foi practicamente nula: soamente dúas respostas. Por esas dúas respostas e grazas á colaboración de compañeiros que continúan no título, púidose coñecer que dos seis casos de abandono producidos no curso 2016-2017 un debeuse a que o GFC era a segunda opción e o estudante acabou accedendo ao curso seguinte á súa primeira opción (Dereito), e outro foi por razóns estritamente persoais, pero o estudante manifestou a súa intención de volver retomar o título tan pronto puidese. Tamén se puido saber que dous alumnos matriculados en setembro como 2ª opción non apareceron polas aulas ningún día desde o inicio do curso; isto soe ocorrer en títulos de Humanidades que non chegan a cubrir o seu límite de prazas e que son utilizados como destino provisional.

O alto abandono en primeiro curso condiciona necesariamente que a taxa de abandono segundo o RD 1393/2007 sexa tamén bastante alta, aínda que o abandono en cursos distintos de primeiro xa é moito máis moderado e, polo tanto, as porcentaxes son menores que as relativas ao primeiro curso, ao contrario do que ocorre na maioría doutros títulos: pásase do 46% ao 35% (IN41G-S01-PM-01), mentres na media dos títulos da Facultade de Filoloxía temos 27% fronte a 34%, e na media da USC 15% fronte a 23%. Igualmente o abandono inflúe moi negativamente na taxa de graduación (IN37G-S01-PM-01): 39%, similar á media dos títulos da Facultade de Filoloxía (38%), pero inferior á media da USC (57%).

Haberá que continuar coas actuacións definidas na acción de mellora relativa a abandono comentada máis arriba, pero completándoa ante o novo pico excepcional cunha nova acción de mellora complementaria (AM-02) consistente en facer desde o momento xa de entrada dos estudantes no Grao un seguimento moito máis directo, intenso e continuado de todos os posibles casos de abandono, para poder coñecer o antes posible as causas e aplicar, de ser posible, medidas correctoras no momento adecuado. Débese tratar especialmente de evitar abandonos que teñan que ver con frustración dos estudantes por non encontrar o esperable ou por atoparse con problemas de seguimento das distintas materias que sexan solucionables. Tamén en relación co anterior está en marcha a acción de mellora AM-10 recollida no informe final de renovación da acreditación de 2017, consistente en reunións ao longo do ano cos estudantes dos diferentes cursos, para coñecer de forma inmediata os problemas e retrasos cos que se encontran no

desenvolvemento das súas materias e aplicar as correspondentes medidas de solución.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida continúa sendo de moi alto nivel: 4,1 sobre 5,0, igual que nos cursos anteriores 2015-2016 e 2014-2015 (IN46G-S01-PM-01). Ademais a valoración é moi positiva en todos os aspectos da docencia considerados (2501096_INF.13). A valoración media do profesorado respecto á docencia impartida é igualmente boa, alta en todos os aspectos considerados e similar a de curso pasados: 3,9 (IN47G-S01-PM-01, e 2501096_INF.14).

Tamén é alta a satisfacción do alumnado cos principais aspectos titulación (2501096_INF.22): información, orientación e atención ao alumnado (4,1), adquisición de competencias (4,6), planificación e desenvolvemento das ensinanzas (4,3), recursos materiais e servizos (4,6), xestión de calidade (4,8). O mesmo ocorre coa satisfacción do profesorado respecto ao título (2501096_INF.23): información sobre obxectivos e competencias e grao de adquisición (4,3), planificación e desenvolvemento das ensinanzas (3,6), recursos humanos, materiais e servizos (4,1), orientación ao alumnado (4,8), xestión da calidade (3,9).

Pola súa parte, as enquisas de satisfacción dos egresados co título (que por fin van tendo maior grao de cumprimentación grazas ás canles de contacto e seguimento establecidas desde o título, xa que pasaron do 26% no curso 2014-2015 ao 40% no 2016-2017; haberá, non obstante, que continuar fomentando que aumente a participación) amosan así mesmo un excelente grao de valoración xeral: 4,1 (frente ao 3,4 no curso 2015-2016; cf. IN42G-S01-PM01). Desglosados por aspectos analizados estes son os resultados (2501096_INF.09): formación recibida (4,0), adquisición de competencias (4,4), profesorado (4,8), organización académica (3,8), información (3,8), materiais, infraestruturas, recursos e servizos (4,2), xestión académica (3,5). Continuando coa acción de mellora AM-05 incluída no autoinforme de renovación da acreditación de 2017, espérase continuar mellorando o vínculo de comunicación estable cos egresados mediante o plan de creación dun blog e a utilización de Facebook do que se fala no apartado 7.1. Tamén se fará efectiva neste curso 2017-2018 a acción de mellora AM-11 consistente en solicitar xa aos estudantes que defenden o TFG autorización para a inclusión dos seus datos nas bases de relación cos egresados.

Un pouco máis baixa respecto aos valores xa analizados é a valoración do estudante que participou no programa de mobilidade saínte Erasmus Plus no curso 2016-2017: 3,1 (IN15G-PC-08). Evidentemente, ao ser unha soa persoa a considerada no estudo, os resultados teñen que ser tomados con máis reservas. De todas formas, a puntuación xeral resultante queda reducida principalmente polo que parece ter sido unha mala experiencia na universidade de acollida (cf. informe 2501096_INF.04): o grao de satisfacción coa formación recibida na universidade de acollida é de 1'0, a valoración das infraestruturas, materiais e servizos dispoñibles na universidade de destino é así mesmo de 1,0, e en consecuencia a recomendación dese destino recibe tamén un 1,0. Desde a coordinación do Grao e en colaboración co coordinador do convenio co centro de destino e coa Vicedecana responsable de mobilidade, farase unha análise das condicións na universidade receptora, para comprobar se existen fallos e se é necesario aplicar medidas correctoras. Moi satisfactoria é, en cambio, a valoración dos estudantes entrantes na Facultade de Filoloxía a través dos programas de mobilidade, e ademais en claro ascenso nos últimos cursos (IN16C-PC-08): 4,4, fronte a 4,2 no 2015-2016 e 4,1 no

2014-2015.

A satisfacción do persoal de administración e servizos da Facultade co traballo desenvolvido continúa nun moi aceptable nivel igual ao de cursos anteriores: 3,5 (IN49C-PS-01).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Condicionado polos estudos complementarios posteriores e pola convocatoria de emprego público no ensino secundario

Como xa se comentou no autoinforme de renovación da acreditación, non se dispón de suficientes datos oficiais sobre inserción laboral. No documento 2501096_EIL-SIIU recóllense soamente resultados non completos de inserción laboral da cohorte de egresados no curso 2013-2014 atendendo a afiliación á Seguridade Social: 25% de afiliación, en traballo de contrato temporal, con media xornada e nun grupo de cotización baixo. É evidente que o título de Grao non soe ser o camiño directo á inserción laboral, senón que se soe requirir unha formación complementaria a través de Másteres específicos ou doutras posibilidades de formación. Polo intercambio de información desde a Coordinación do título cos egresados, tense coñecemento de que unha grande maioría continúa a súa formación en Másteres da USC ou de fóra da USC, especialmente no Máster de Formación de Profesorado.

Aínda que, como se sinala no apartado 6.1, son varias as posibilidades laborais ás que pode conducir o Grao en Filoloxía Clásica, é innegable que o ensino é un destino prioritario para moitos dos estudantes, e son varios xa os anos nos que a Xunta de Galicia non fixo convocatoria de emprego público para prazas relacionadas directamente coa Filoloxía Clásica. Algúns egresados acabaron optando por presentarse a prazas afíns convocadas no último ano pola Xunta de Galicia ou acudindo ás convocatorias de emprego público de prazas de Filoloxía Clásica que si se fixeron noutras Comunidades de España. Sen dúbida, contribuiría a producir unha grande regularización da inserción laboral dos egresados do Grao unha convocatoria regular e continuada por parte da Xunta de Galicia dun número mínimo de prazas necesarias para ir cubrindo as esixencias do ensino das materias de Filoloxía Clásica nos centros públicos de secundaria e de bacharelato de Galicia.

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Doc_E5
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Doc_E6
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501096_P.Ind_2016-2017
			2501096_INF.16_2016-2017
			2501096_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	---
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501096_P.Ind_2016-2017
			5040_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da	Web do Centro

		calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501096_P.Ind_2016-2017
			2501096_INF.04_2016-2017
			5040_INF.05_2016-2017
			2501096_INF.06_2016-2017
			2501096_INF.07_2016-2017
			2501096_INF.08_2016-2017
			2501096_INF.09_2016-2017
			2501096_INF.10_2016-2017
			5040_INF.11_2016-2017
			2501096_INF.13_2016-2017
			2501096_INF.14_2016-2017
			5040_INF.21_2016-2017
			2501096_INF.22_2016-2017
2501096_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501096_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc)	2501096_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501096_INF.13_2016-2017
			2501096_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de	5040_I10_2016-2017

		mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Web do Centro
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Web do Centro
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, ao menos, os últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)	Doc_E24
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2501096_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501096_P.Ind_2016-2017
			2501096_INF.17_2016-2017
			2501096_INF.18_2016-2017
			2501096_INF.19_2016-2017
			5040_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501096_P.Ind_2016-2017
			2501096_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501096 _EIL-SIIU_2016-2017

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓ	XUSTIFICACIÓ
<p>Modificaci3n de tipo das materias <i>Lingüística Indoeuropea 1</i> e <i>Lingüística Indoeuropea 2</i>, que pasan de ser materias do módulo complementario "Arte e Pensamento Grecorromanos. Lingüística Indoeuropea" a ser materias obrigatorias do Maior de Filoloxía Clásica, e das materias <i>Historia de Grecia</i> e <i>Historia de Roma</i>, que a cambio pasan de ser materias obrigatorias do Maior de Filoloxía Clásica a ser materias do módulo complementario que agora pasa a denominarse "Historia, Arte e Pensamento Grecorromanos". Eses cambios levan aparellada unha reordenaci3n temporal desas materias e dalgunhas outras do título: <i>Lingüística Indoeuropea 1</i> e <i>Lingüística Indoeuropea 2</i> pasan a ser materias do Maior de 3º curso en 1º e 2º semestre respectivamente; ceden o lugar as materias <i>Lingüística Latina 1</i> e <i>Lingüística Grega 1</i> que pasan a ser materias do Maior de 2º curso en 1º e 2º semestre respectivamente; <i>Historia de Grecia</i> e <i>Historia de Roma</i> pasan a ser materias complementarias de 2º curso en 1º e 2º semestre respectivamente; ocupan o seu lugar <i>Literatura Grega 1</i> e <i>Literatura Latina 1</i> como materias do Maior de 1º curso no 1º e 2º semestre respectivamente.</p>	<p>Esta modificaci3n trata de dar resposta a un desaxuste formativo que se veu sinalando en pasados autoinformes de seguimento e de forma especial no autoinforme de renovaci3n da acreditaci3n: a necesidade de colocar como materias obrigatorias do Maior, para que todos os alumnos/-as do título as cursen, <i>Lingüística Indoeuropea 1</i> e <i>Lingüística Indoeuropea 2</i>, consideradas materias fundamentais para o estudo das linguas clásicas e da cultura e civilizaci3n grecolatinas. Ademais con esta modificaci3n conséguese un módulo complementario máis homoxéneo e coherente de historia, arte e pensamento, e permítese a reordenaci3n dos módulos de Filoloxía Clásica que se ofertan para os outros títulos de Grao da Facultade de Filoloxía: o módulo optativo "Filoloxía Clásica II" (integrado polas materias <i>Literatura Grega 1</i>, <i>Literatura Latina 1</i>, <i>Literatura Grega 2</i> e <i>Literatura Latina 2</i>) pasa a ser o módulo complementario "Filoloxía Clásica I", e a cambio o módulo complementario "Filoloxía Clásica I" (integrado polas materias <i>Textos Gregos 1</i> e <i>2</i>, e <i>Textos Latinos 1</i> e <i>2</i>) pasa a ser o módulo optativo "Filoloxía Clásica II".</p>

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Filoloxía Clásica

Curso Académico: 2016-2017

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-01
Orixe	Autoinforme de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6
Análise causa	Púxose de manifesto na avaliación dos TFGs e nas enquisas dos estudantes que defenden o seu TFG a existencia dun déficit nalgunhas competencias informacionais específicas.
Definición/ descrición proposta	Posta en marcha dun programa de formación específica e avanzada para estudantes matriculados no TFG sobre competencias informacionais: busca de información, avaliación da información, organización e xestión da información, uso, publicación e difusión da información. As actividades de formación levaranse a cabo principalmente a través do Campus Virtual da USC.
Datas	Marzo 2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía / José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao / Francisco Xavier Redondo Abal, responsable de formación de usuarios da biblioteca da Facultade de Filoloxía

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-02
Orixe	Autoinforme de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6
Análise causa	No curso 2016-2017 produciuse unha notable subida na taxa de abandono en primeiro curso (46%) o que obriga a unha acción de mellora complementaria das xa postas en marcha con anterioridade.
Definición/	Seguimento directo, intenso e continuado de todos os estudantes matriculados en primeiro curso desde o momento mesmo do seu ingreso, para desde o

descripción proposta	primeiro momento ir identificando posibles casos de abandono, coñecer as causas do abandono e intentar aplicar medidas de solución.
Datas	Xullo 2019
Estado/Eficacia	---
Responsables	José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao / Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Tarefa1	AM-02-1
Descrición tarefa	Reunións periódicas e continuadas cos alumnos de primeiro curso, para identificar problemas de información, de seguimento das materias ou de calquera tipo que poidan ser causa de abandono, e buscar unha posible solución adecuada para cada caso.
Data prevista de finalización	Xullo 2019
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao
Estado	---
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	---
Data comprobación	---
Incidencias	---
Axustes/Novas Tareas	---
Tarefa2	AM-02-2
Descrición tarefa	Informes dos profesores das distintas materias, especialmente dos profesores das materias específicas de Filoloxía Clásica, sobre o seguimento das clases desas materias por parte dos estudantes, para identificar de primeira man posibles situacións de abandono e posibles causas dese abandono.
Data prevista de finalización	Xullo 2019
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao Profesores das materias de primeiro curso do Grao
Estado	---
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	---
Data comprobación	---
Incidencias	---
Axustes/Novas Tareas	---

■ [Plan de Melloras](#)

1. Seguimento de Accións de Mellora derivadas do Autoinforme de Renovación da Acreditación (= ARA)

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-01
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 2
Análise causa	Na análise realizada no proceso de elaboración dos Autoinformes de Renovación da Acreditación dos distintos títulos da Facultade detectáronse algúns aspectos susceptibles de mellora na información pública, a transparencia e a difusión dos títulos do Centro.
Definición/ descrición proposta	Melloras na información pública que se ofrece a través da web e doutros medios de difusión.
Datas	Curso 2016-2017
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	CCC de la Facultade de Filoloxía
Tarefa1	AM-01-1
Descrición tarefa	Melloras na información que se ofrece na web da Facultade en relación coa composición de comisións, acordos dos órganos de goberno e de seguimento de calidade, presentación dos datos etc.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Publicación e actualización na web da Facultade da composición das comisións dos títulos de grao, das comisións dos títulos de mestrado, da Comisión de Títulos de Grao, da Comisión de Títulos de Máster e da Comisión de Calidade do Centro. Publicación dos principais acordos da Comisión de Calidade e da Comisión de Títulos de Grao.
Data comprobación	Marzo 2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

Tarefa 2	AM-01-2
Descrición tarefa	Creación dun perfil na rede social Twitter para a difusión das actividades da Facultade de Filoloxía ou de relevancia para os distintos grupos de interese do centro.
Data prevista de finalización	Setembro 2016
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Pódese consultar o perfil @Cultura_FiloUSC
Data Comprobación	06/03/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

[ACCIÓN DE MELLORA](#)

Código	AM-02
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 5
Análise causa	A Facultade é un centro de grandes dimensións no que hai un número moi importante de espazos dedicados á docencia (seminarios, aulas, laboratorios etc.) e á celebración de actividades académicas en xeral (Salón de Actos e Salón de Graos), o que obriga a unha continua renovación dos seus equipos e infraestruturas.
Definición/ descrición proposta	Melloras nas infraestruturas e equipamento do Centro.
Datas	2016-2017
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Tarefa1	AM-02-1
Descrición tarefa	Instalación de enchufes en aulas e zonas comúns.
Data prevista de finalización	Xullo 2017

Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Non executada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	---
Data comprobación	07/02/2018
Incidencias	Non se levou a cabo esta acción por razóns orzamentarias, dado que o Centro tivo que atender outras necesidades nas aulas de docencia e nos seminarios.
Axustes/Novas Tarefas	Non se prevé, polo momento, abordar esta tarefa. No futuro, en función da dispoñibilidade orzamentaria do Centro, poderase retomar esta acción.
Tarefa 2	AM-02-2
Descrición tarefa	Substitución del sistema de amplificación de las aulas
Data prevista de finalización	Xaneiro 2017
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Están instalados nas aulas C02, C05, C06, D05 e D06.
Data comprobación	18/01/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa 3	AM-02-3
Descrición tarefa	Renovación parcial do equipamento do Salón de Graos (canón e ordenador) e Salón de Actos (NUC e micrófonos)
Data prevista de finalización	Xaneiro de 2017
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Os equipos previstos (canón, ordenador, NUC e micrófonos) están instalados nas ubicacións correspondentes.
Data comprobación	18/01/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa 4	AM-02-4

Descrición tarefa	Instalación dun NUC nunha das salas de videoconferencias e compra dun canón portátil. Este equipamento ten o fin de facilitar a actividade docente de todos os títulos da Facultade, pero especialmente dos mestrados interuniversitarios e dos Máster Mundus.
Data prevista de finalización	Xaneiro de 2017
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	O NUC está instalado na sala de videoconferencias B13 e o canón portátil atópase nas dependencias do Decanato a disposición de calquera PDI do centro que o solicite.
Data comprobación	19/01/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-03
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 5
Análise causa	A Facultade non ten formalizado un Plan de Acción Titorial (PAT) propiamente dito, pero, tal como se detalla nos IRA, leva a cabo numerosas actividades que constitúen na práctica un plan de acción titorial para a acollida e orientación do alumnado.
Definición/ descrición proposta	Deseño e posta en funcionamento dun Plan de Acción Titorial.
Datas	Curso 2016-2017
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Tarefa1	
Descrición tarefa	Elaboración do PAT
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada

Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Aprobación por parte da CCC do Plan de Acción Titorial na Xunta de Facultade do 7 de marzo de 2017.
Data comprobación	07/03/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-04
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 1
Análise causa	Nos IS anteriores recolléronse accións de mellora para o aumento das prazas de prácticas (AM-4 da Memoria de Calidade 2014-2015), de xeito que se percibe a necesidade de tomar medidas que melloren a coordinación e o proceso de avaliación das competencias adquiridas polos estudantes.
Definición/ descrición proposta	Mellora das prácticas externas, no que se refire ao control da formación que ofrecen as empresas e institucións así como no relativo á coordinación e mellora do proceso de avaliación.
Datas	2016-2017
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía
Tarefa1	AM-04-1
Descrición tarefa	Elaboración de fichas para que as empresas definan o proxecto formativo que ofrecen aos estudantes.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Segundo acordo da Comisión de Prácticas Externas (na súa sesión do 12 de xaneiro de 2017 e recollido na correspondente acta; cf.Doc_E5), elabórase un modelo de ficha para que as institucións participantes definan o proxecto formativo. No documento, publicado na web, en que se lista a oferta de prácticas externas, pódese premer no nome da institución para acceder ao proxecto formativo correspondente.
Data comprobación	07/02/2018

Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa 2	AM-04-2
Descrición tarefa	Elaboración dunha guía para titores académicos e profesionais.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Elaboración dunha Guía de Prácticas externas, aprobada na Comisión de Prácticas Externas do 20 de xullo de 2017, tal e como se pode comprobar na correspondente (véxase Doc_E5). Publicada na web da Facultade na sección de Prácticas Externas.
Data comprobación	07/02/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-06
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 1
Análise causa	No proceso da análise para a elaboración dos IRA detectáronse solapamentos e lagoas na información que se recolle na enquisa propia que realiza o Centro no acto de benvida aos alumnos/-as de primeiro curso para recadar información sobre o perfil de ingreso do alumnado dos graos da Facultade de Filoloxía.
Definición/ descrición proposta	Detección dos solapamentos e lagoas para a elaboración dunha nova enquisa aos estudantes de primeiro curso.
Datas	Cursos 2016-2017 e 2017-2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Tarefa1	AM-06-1
Descrición tarefa	Detección e eliminación de solapamentos e propostas de incorporación de nova información.

Data prevista de finalización	Maio 2017
Responsable	Comisión de Títulos de Grao da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Os labores de análise e detección de solapamentos e propostas de incorporación leváronse a cabo durante o proceso de elaboración dos autoinformes de Renovación da Acreditación dos títulos (curso 2016-2017).
Data comprobación	26/06/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa2	AM-06-2
Descrición tarefa	Elaboración dunha nova enquisa para alumnos/-as de primeiro curso.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	Comisión de Títulos de Grao da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Aprobación da nova enquisa na Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 5 de setembro de 2017, tal e como se recolle na acta correspondente (cf. Doc_E5). Distribuíuse entre os estudantes asistentes á sesión de benvida celebrada o 11 de setembro de 2017. Os datos foron procesados e xerouse un informe de resultados (cf.Doc_E31).
Data comprobación	05/09/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-07
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 4
Análise causa	O programa de Formación e Innovación Docente da USC non ofrece formación específica para o profesorado de Filoloxía.
Definición/	Deseño dun programa de formación específica para a mellora da docencia, dirixido ao profesorado da Facultade de Filoloxía (p.ex. uso das TIC, manexo

descrición proposta	do laboratorio de idiomas etc.). As súas actividades realizaranse ao longo dos cursos 2016-2017 e 2017-2018.
Datas	2016-2017 e 2017-2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Deseño e posta en marcha do programa de actividades formativas específicas.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Realizáronse varias sesións formativas, unha para o manexo do laboratorio de idiomas B04 (25 de xaneiro de 2017) e dúas para o manexo dunha pantalla intelixente Clevertouch (22 de febreiro e 5 de marzo de 2018).
Data comprobación	Marzo 2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-08
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 4
Análise causa	É necesaria a formación específica do PAS para algunhas das actividades que se realizan na Facultade, como a recepción de alumnos/-as estranxeiros e na axuda nos procesos de seguimento de calidade.
Definición/ descrición proposta	Programa de formación específica para o PAS da Facultade de Filoloxía
Datas	2016-2017 e 2017-2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Josefa Vázquez Docampo / Xestora administrativa da Facultade
Tarefa1	AM-08-1

Descrición tarefa	Realización dunha actividade formativa relacionada cos procesos de calidade.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	Josefa Vázquez Docampo, Xestora da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	O persoal da Facultade responsable de tarefas relacionadas cos procesos de calidade realizou un curso de formación, previamente convocado polo Servizo de Planificación e Programación de PAS da USC e impartido pola Xefa de área de Calidade e Mellora de Procedementos, os días 1 e 2 de xuño de 2017.
Data comprobación	05/06/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa 2	AM-08-2
Descrición tarefa	Realización de actividades formativas no uso instrumental da lingua inglesa.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	Josefa Vázquez Docampo, Xestora da Facultade de Filoloxía
Estado	Activa
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Organizouse un curso de mellora da competencia oral en inglés a través do Centro de Linguas Modernas, que comezou o 12 de marzo e que finalizará o 9 de maio de 2018.
Data comprobación	Marzo 2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-09
Orixe	ARA
Ámbito de aplicación	Criterio 3.1
Análise causa	A plataforma Moodle que sostén o Campus Virtual proporciona un mecanismo para exercer a coordinación horizontal e virtual que no GFC non foi apenas

	explotado.
Definición/ descripción proposta	Estímulo do uso dos mecanismos existentes no Campus Virtual para coordinación de cursos e da titulación.
Datas	2016-2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Helena de Carlos Villamarín, Coordinadora da titulación
Tarefa1	
Descrición tarefa	Publicitación dentro da titulación da virtualidade da plataforma Moodle para usos de coordinación. Uso efectivo.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	Helena de Carlos Villamarín, Coordinadora da titulación
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Uso efectivo da materia "coordinación" no Campus Virtual.
Data comprobación	31/07/2017
Incidencias	---
Axustes/Novas Tareas	---

2. Seguimento de Accións de Mellora derivadas do Informe Final de Renovación da Acreditación (= IRA)

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-01
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 1
Análise causa	Detectáronse desaxustes entre a memoria verificada do grao e as guías docentes publicadas na web, sobre todo no que respecta a contidos, competencias e sistemas de avaliación. Débense revisar as guías docentes para garantir ao máximo ese axuste ou revisar a memoria, por se fose necesario realizar unha modificación polo procedemento legal establecido.
Definición/	A Comisión do Grao en Filoloxía Clásica é o órgano encargado de velar pola coordinación dos programas, reflectidos nas guías docentes, e polo reflexo

descripción proposta	neles do estipulado na memoria do título. O compromiso desta comisión é revisar exhaustivamente os programas atendendo tanto ao axuste dos contidos aos descritores da memoria verificada, como á explicitación das competencias, xerais e específicas, e os correspondentes sistemas de avaliación. Velará así mesmo polo reflexo nas guías docentes dos sistemas para avaliar a adquisición das respectivas competencias.
Datas	Curso 2017-2018 e 2018-2019
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Coordinador do Título / Comisión do Grao / Comisión de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-01-1
Descrición tarefa	Revisión exhaustiva dos programas das materias para garantir ao máximo o axuste ao recollido na memoria de verificación
Data prevista de finalización	Xullo 2019
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Título
Estado	En execución
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	No seo da Comisión do Título levouse a cabo o proceso exhaustivo de revisión dos programas das materias para aplicar os necesarios axustes na programación docente do curso 2018-2019 xa en marcha na USC
Data comprobación	05/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tareas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-02
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 1
Análise causa	No que respecta aos mecanismos de coordinación docente, percíbese que a estrutura de comisións na Facultade de Filoxía é relativamente complexa. Recoméndase establecer claramente que órgano ou Comisión do Centro é o responsable de garantir o axuste entre guías docentes e memoria do título antes da aprobación e publicación das guías docentes.
Definición/ descripción proposta	É conveniente realizar unha adaptación dalgúns dos procesos e procedementos recollidos no Manual de procesos e procedementos da USC, para establecer de forma clara que órgano é o responsable de garantir o axuste entre guías docentes e memoria do título.

Datas	Febreiro 2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Comisión de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-02-1
Descrición tarefa	Adaptación do procedemento PC04-PC-04 do Manual de procesos e procedementos da USC ás particularidades da Facultade de Filoloxía e da súa complexa estrutura de titulacións.
Data prevista de finalización	Febreiro 2018
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	O Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC establece no seu artigo 3.8 (d) que unha das funcións das comisións dos títulos é analizar a programación das materias e supervisar que se axusta á Memoria Verificada do Título.
Data comprobación	07/02/2018
Incidencias	Este Regulamento foi aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, con posterioridade á elaboración do Plan de Melloras (xuño 2017). Non é procedente, por conseguinte, efectuar a adaptación do procedemento PC04-PC-04 que se describe na proposta desta acción de mellora.
Axustes/Novas Tarefas	Non cómpre realizar ningún axuste, posto que o Regulamento establece de maneira explícita que é a Comisión do título quen debe levar a cabo esta tarefa.

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-03
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 3
Análise causa	No que respecta á Comisión de Calidade do Centro, non se observa unha sistemática de periodicidade de reunións. Débese establecer unha planificación anual, independentemente de que se realicen outras reunións extraordinarias que puidesen ser necesarias. Esta sistemática é extensible a todas as comisións existentes no Centro.
Definición/ descrición proposta	Elaboración e aprobación dun calendario de reunións ordinarias da Comisión do Grao, da Comisión de Títulos de Grao da Facultade de Filoloxía e da Comisión de Calidade do Centro.

Datas	Decembro 2017
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Comisión do Grao / Comisión de Títulos de Grao / Comisión de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-03-1
Descrición tarefa	Elaboración e aprobación dun calendario de reunións ordinarias da Comisión de Calidade do Centro.
Data prevista de finalización	Febreiro 2018
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A CCC na súa reunión do 19/02/2018 aprobou o correspondente calendario; cf. web da Facultade .
Data comprobación	19/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa2	AM-03-2
Descrición tarefa	Elaboración e aprobación dun calendario de reunións ordinarias da Comisión de Títulos de Grao.
Data prevista de finalización	Febreiro 2018
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A CCC na súa reunión do 19/02/2018 aprobou o correspondente calendario; cf. web da Facultade .
Data comprobación	19/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa3	AM-03-3
Descrición tarefa	Elaboración e aprobación dun calendario de reunións ordinarias da Comisión do Grao.
Data prevista de finalización	Marzo 2018
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Título

Estado	Activa
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A Comisión do Grao aprobou o correspondente calendario na reunión ordinaria celebrada o 19/03/2018.
Data comprobación	Marzo 2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-04
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 1
Análise causa	Detectouse un nivel incipiente de uso das plataformas de teleformación. Recoméndase realizar accións específicas para fomentar o aproveitamento das súas posibilidades, especialmente no referido aos procesos de nivelación do primeiro curso. Un problema á hora de implementar ou mellorar o uso docente da plataforma (exercicios, avaliación) constitúe a limitación na escritura do grego e doutros alfabetos alleos ao latino.
Definición/ descrición proposta	Fomentar o uso da Aula Virtual e instar á área TIC a que mellore as potencialidades da aula Virtual implementando mecanismos que dean maior soporte ás fontes e posibiliten o uso de alfabetos distintos do latino.
Datas	Xullo 2018
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Comisión do Grao
Tarefa1	AM-04-1
Descrición tarefa	Fomentar o uso da Aula Virtual.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Na maior parte das materias do Grao faise xa uso da Aula Virtual. Cf. Campus Virtual da USC.
Data comprobación	07/02/2018

Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa2	AM-04-2
Descrición tarefa	Implementación de mecanismos que dean maior soporte ás fontes e possibiliten o uso de alfabetos distintos do latino.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	Responsables do Campus Virtual da UC
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Xa se fixeron as modificacións técnicas necesarias para poder utilizar sen dificultade o alfabeto grego.
Data comprobación	07/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-05
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 3
Análise causa	A porcentaxe de participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente foi do 45,45% no curso 2015-2016. Por tanto, débense establecer accións de mellora encamiñadas, tanto a fomentar a participación de todos os colectivos nas enquisas de satisfacción, como a obter datos válidos e aproveitables que se poidan ter en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. Tanto estudantes como egresados indican que o período en que se pasan as enquisas non é o máis apropiado e que os ítems da enquisa son mellorables. Recoméndase aos responsables da USC revisar a enquisa, así como establecer algún mecanismo para que os resultados das mesmas sexan coñecidos polos estudantes e que así poidan valorar a súa utilidade.
Definición/ descrición proposta	Desde o Centro e desde a Coordinación do título lévanse a cabo notables esforzos para animar á participación dos estudantes, fundamentalmente a través de difusión de información nos períodos en que se realizan as enquisas. En todo caso, co fin de aumentar a implicación dos estudantes nos procesos de calidade, de modo que isto redunde no aumento da participación, suxírese a difusión dos resultados das avaliacións a través de distintos medios: a Aula Virtual de Coordinación do Grao, as comunicacións que se dirixen aos estudantes desde o Decanato durante as campañas de animación á participación e a sección de novidades da web da Facultade.

Datas	Xullo 2018
Estado/Eficacia	En execución / Eficaz
Responsables	Decanato da Facultade de Filoloxía / Coordinación do Grao
Tarefa1	AM-05-1
Descrición tarefa	Invitación á participación e difusión dos resultados das avaliacións a través de distintos medios, especialmente a Aula Virtual de Coordinación do Grao.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Desde a Aula Virtual de Coordinación contactouse repetidas veces durante o período de realización das enquisas do primeiro semestre do curso 2017-2018, para informar dos prazos, do sistema de realización das enquisas e dos resultados xerais das enquisas do curso anterior.
Data comprobación	07/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-06
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 3
Análise causa	Non constan evidencias da existencia de mecanismos para avaliar a calidade dos títulos do centro (salvo as enquisas formuladas aos egresados) máis aló da avaliación da docencia. Débese deseñar, a nivel de centro ou da USC, algún sistema para coñecer a satisfacción dos estudantes, por exemplo, cos servizos de orientación, infraestruturas, coordinación xeral etc.
Definición/ descrición proposta	No curso 2015-2016 realizouse unha enquisa piloto sobre a satisfacción dos diferentes colectivos, onde se contemplaban cuestións xerais relativas aos servizos, infraestruturas etc., dos diferentes títulos e centros onde se imparten. No curso 2016-2017 farase extensiva a todas as titulacións de grao e máster da USC, polo que poderá empregarse esta información para avaliar a calidade dos títulos do Centro.
Datas	Outubro 2017

Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC / Responsable de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-06-1
Descrición tarefa	Enquisa sobre a satisfacción dos diferentes colectivos, onde se contemplaban cuestións xerais relativas aos servizos, infraestruturas etc.
Data prevista de finalización	Outubro 2017
Responsable	Responsable Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A enquisa foi realizada en setembro de 2017 e os resultados figuran nos correspondentes indicadores que acompañan este autoinforme.
Data comprobación	19/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-07
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 3
Análise causa	Tendo en conta de que non parece estar activo na USC o Programa DOCENTIA, considérase necesario establecer algún mecanismo para avaliar a calidade da docencia impartida no grao, ademais das enquisas de avaliación docente, e que os resultados sexan coñecidos polos estudantes. É necesario realizar unha última convocatoria experimental do programa Docentia, antes de poder certificar a implantación do proceso. Para iso, os Vicerreitorados de Comunicación e Coordinación e Organización Académica e Persoal Docente están a realizar as modificacións necesarias para que o Consello de Goberno poida aprobar un novo Manual e se poida realizar a cuarta convocatoria experimental.
Definición/ descrición proposta	Unha vez aprobado o procedemento para a avaliación docente polos órganos competentes, difundirase a convocatoria entre o persoal docente do título e fomentarse a participación nesa convocatoria.
Datas	Cando a USC aprobe a seguinte convocatoria do programa Docentia
Estado/Eficacia	Non executada

Responsables	Área de Calidade e Mellora de Procedementos da UC
Tarefa1	AM-07-1
Descrición tarefa	Difusión da convocatoria do programa Docentia entre o persoal docente do título e fomento da participación na convocatoria
Data prevista de finalización	Cando a USC aprobe a seguinte convocatoria do programa Docentia
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana da Facultade de Filoloxía
Estado	Non executada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	---
Data comprobación	---
Incidencias	No curso 2016-2017 non houbo convocatoria do programa Docentia na USC
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-08
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 3
Análise causa	Obsérvase que o sistema de queixas, suxestións e reclamacións non é facilmente accesible nin coñecido polos estudantes e egresados nin os seus resultados aparecen reflectidos nos informes de autoevaluación. De todos os xeitos, si que se constatou a posibilidade real de transmitir os problemas detectados directamente ao Decanato e representantes de alumnos/-as. Débese difundir adecuadamente o procedemento de reclamacións e gardar e analizar os rexistros vinculados a este proceso. Convén, pois, mellorar o acceso ao sistema de queixas, suxestións e reclamacións.
Definición/ descrición proposta	Difusión e promoción do sistema de traslado de suxestións, queixas, reclamacións e felicitacións.
Datas	Xullo 2018
Estado/Eficacia	En proceso de execución
Responsables	Comisión de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-08-1
Descrición tarefa	Incorporación na nova páxina web da Facultade dun específico para o envío de queixas, suxestións, reclamacións e felicitacións.

Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A caixa de suxestións, queixas e felicitacións está xa activa na páxina web da Facultade; cf. Caixa .
Data comprobación	25/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa2	AM-08-2
Descrición tarefa	Reforzar a información sobre o procedemento para a presentación de suxestións, queixas, reclamacións e felicitacións, tanto na sesión de benvida aos alumnos/-as de primeiro, como noutras sesións informativas contempladas no PAT.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Difundiuse a información nas diversas sesións informativas contempladas no PAT , especialmente na sesión de benvida aos estudantes de novo ingreso celebrada o 11/09/2017.
Data comprobación	25/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---
Tarefa3	AM-08-3
Descrición tarefa	Levar a cabo unha actividade de difusión do sistema con axuda do alumno-titor.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Pendente de execución
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	---
Data comprobación	---

Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	---

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-09
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 3
Análise causa	No que respecta á composición da Comisión de Calidade do Centro, obsérvase que non hai representantes de egresados nin de empregadores nesta Comisión e que os estudantes non adoitan asistir ás reunións. Recoméndase garantir a representatividade de todos os colectivos implicados no desenvolvemento dos títulos. Neste sentido a proposta de creación dun Comité Consultivo Externo podería ser un bo mecanismo para dar voz a todos os grupos de interese e estreitar lazos cos sectores profesionais.
Definición/ descrición proposta	Posta en marcha dun Comité Consultivo da Facultade de Filoloxía..
Datas	Decembro 2017
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Decanato da Facultade / Comisión de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-09-1
Descrición tarefa	Creación do Comité Consultivo da Facultade.
Data prevista de finalización	Decembro 2017
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	En proceso
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	---
Data comprobación	---
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	Continúanse os contactos con distintas entidades do ámbito académico e profesional. A acción queda adiada ata xullo de 2018.

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-10
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 6
Análise causa	A taxa de graduación no curso 2015-2016 foi do 42,11%, presentando un notable descenso con respecto ao curso anterior. Débese facer un especial seguimento desta taxa nos próximos anos establecendo unha acción de mellora respecto diso.
Definición/ descripción proposta	Accións para coñecer o motivo das baixas taxas de graduación: organización de reunións con estudantes de todos os cursos do grao para mediados de curso para coñecer con que problemas e atrasos se atopan, ver o nivel real de abandono e tentar establecer unhas causas. Especial atención prestarase aos alumnos/-as de cuarto e á súa realización do TFG, que pode ser un dos elementos que atrase a obtención da graduación nos prazos previstos.
Datas	Xullo 2019
Estado/Eficacia	En proceso de execución
Responsables	Comisión do Grao
Tarefa1	AM-10-1
Descrición tarefa	Reunións periódicas cos estudantes para coñecer problemas e atrasos cos que se encontran e poder establecer posibles solucións.
Data prevista de finalización	Xullo 2018
Responsable	José Carracedo Fraga, Coordinador do Grao
Estado	En execución
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	O Coordinador celebrou distintas reunións con todos os cursos no final do primeiro semestre do curso 2017-2018 e ten previsto facer novas reunións antes do final do segundo semestre.
Data comprobación	25/02/2018
Incidencias	---
Axustes/Novas Tarefas	Tendo en conta que unha das causas principais na baixa taxa de graduación é a alta taxa de abandono, o aumento puntual observado na taxa de abandono no curso 2016-2017 obriga a engadir a tarefa de facer un seguimento moito máis intenso e continuado desde o primeiro momento aos alumnos/-as que acaban de ingresar no curso 2017-2018, para intentar identificar as posibles causa de abandono o antes posible e intentar buscar posibles solucións a tempo.

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-11
Orixe	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 7
Análise causa	Recoméndase converter en protocolos do Centro as boas prácticas detectadas de seguimento de egresados. No contexto da política de calidade do Centro, resulta imprescindible o seguimento dos egresados do título. Para aumentar a eficacia das accións que viñeron desenvolvendo as distintas titulacións da Facultade no seguimento dos egresados, convén reunilas e convertelas en protocolo do Centro.
Definición/ descrición proposta	Introducir na enquisa aos alumnos/-as que defenden o TFG unha solicitude de autorización para inclusión en base de datos.
Datas	Xullo 2017
Estado/Eficacia	Finalizada / Eficaz
Responsables	Comisión de Calidade do Centro
Tarefa1	AM-11-1
Descrición tarefa	Elaboración dun formulario de autorización para a inclusión dos estudantes que defenden o TFG nunha base de datos de egresados.
Data prevista de finalización	Xullo 2017
Responsable	María José López Couso, Decana da Facultade de Filoloxía
Estado	Finalizada
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Na Comisión de Títulos de Grao do 13/07/2017 aprobouse un modelo de autorización para a inclusión dos estudantes que defenden o TFG nunha base de datos de egresados (vid. acta correspondente en Doc_E5).
Data comprobación	13/07/2017
Incidencias	Non se chegou a introducir a solicitude de autorización nas enquisas porque provocaba un problema de protección do anonimato dos estudantes. A partir do curso 2017-2018 facilitaráselles o correspondente formulario aos tribunais para que a distribúan entre o estudantado que defende o TFG, pero non se recollerá conxuntamente coa enquisa.
Axustes/Novas Tarefas	---